

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xullo de 2022**

Ás 17.50 horas do día 21 de xullo de 2022, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de xuño de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 16 de xuño de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Antes de entrar na quenda de rogos e preguntas, a **presidenta da comisión** manifesta o seu apoio e solidariedade aos alcaldes e alcaldesas e concelleiros/as que están tendo que afrontar a praga de incendios, xa que este é un dos momentos máis duros que se poden vivir como representante político.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta en primeiro lugar se se coñece xa a data na se vai reunir a Comisión Provincial de Patrimonio.

Intervén don **César Manuel Fernández Gil, do Grupo Popular**, para indicar que a previsión é que teña lugar o xoves, 28 de xullo.

D. Bernardo Varela López, do BNG, en segundo lugar quere facer un rogo de cara á programación da oferta de instalacións deportivas provinciais para a temporada deportiva que comeza en setembro, para que se lle dea preferencia ao deporte de base e que a Deputación optimice e priorice o uso das súas instalacións, fomentando e facilitando a práctica deportiva para nenos e mozos. Roga que esta proposta sexa tida en conta.

A **presidenta da comisión** toma nota do rogo.

E, ás 17.55 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.